

Cód.	Tipo	Nome	Concello	Provincia	Sección	Idioma	Nivel autorizado
36005427	CPR	Lar	Mos	Pontevedra	Xeografía e historia	Inglés	4º ESO
36005427	CPR	Lar	Mos	Pontevedra	Historia do mundo contemporáneo	Inglés	1º BAC
36005427	CPR	Lar	Mos	Pontevedra	Economía	Inglés	2º BAC
36014428	IES	Val Miñor	Nigrán	Pontevedra	Bioloxía e xeoloxía	Inglés	3º ESO
36014428	IES	Val Miñor	Nigrán	Pontevedra	Tecnoloxía	Inglés	3º ESO
36020271	IES	As Bizocas	O Grove	Pontevedra	Música	Inglés	2º ESO
36019529	IES	Ribeira do Louro	O Porriño	Pontevedra	Música	Inglés	2º ESO
36013761	IES	A xunqueira 1	Pontevedra	Pontevedra	Tecnoloxía	Inglés	2º ESO
36013761	IES	A xunqueira 1	Pontevedra	Pontevedra	Bioloxía e xeoloxía	Francés	3º ESO
36006717	IES	Sánchez Cantón	Pontevedra	Pontevedra	Historia	Francés	1º BAC
36006717	IES	Sánchez Cantón	Pontevedra	Pontevedra	Educación física	Francés	1º BAC
36006717	IES	Sánchez Cantón	Pontevedra	Pontevedra	Economía	Francés	1º BAC
36006717	IES	Sánchez Cantón	Pontevedra	Pontevedra	Matemáticas	Francés	1º BAC
36020064	CIFP	Carlos Oroza	Pontevedra	Pontevedra	Asistencia e guía de grupos	Inglés	Ciclo superior de información e com.
36020064	CIFP	Carlos Oroza	Pontevedra	Pontevedra	Recepción e atención ao cliente	Inglés	Ciclo superior de aloxamento
36020064	CIFP	Carlos Oroza	Pontevedra	Pontevedra	Recepción e atención ao cliente	Inglés	Ciclo superior de aloxamento
36007813	CPI	Julia Becerra Malvar	Ribadumia	Pontevedra	Educación física	Inglés	4º ESO
36019256	IES	de Vilalonga	Sanxenxo	Pontevedra	Educ. plástica	Inglés	3º ESO
36019256	IES	de Vilalonga	Sanxenxo	Pontevedra	Ed. física	Inglés	3º ESO
36020350	IES	Pintor Colmeiro	Silleda	Pontevedra	Música	Inglés	3º ESO
36020350	IES	Pintor Colmeiro	Silleda	Pontevedra	Música	Inglés	4º ESO
36020350	IES	Pintor Colmeiro	Silleda	Pontevedra	Condución de actividades físico-deportivas no medio rural	Inglés	Ciclo medio
36018173	IES	Teis	Vigo	Pontevedra	Bioloxía e xeoloxía	Francés	4º ESO
36018173	IES	Teis	Vigo	Pontevedra	Masaxe	Francés	Ciclo superior de estética
36011798	IES	Alexandre Bóveda	Vigo	Pontevedra	Física e química	Inglés	3º ESO
36017430	IES	Ricardo Mella	Vigo	Pontevedra	FOL	Inglés	Ciclo superior de secretariado
36017430	IES	Ricardo Mella	Vigo	Pontevedra	FOL	Inglés	Ciclo superior de administración e finanzas
36020386	IES	Marco do Camballón	Vila de Cruces	Pontevedra	Matemáticas	Inglés	3º ESO
36012471	IES	Castro Alobre	Vilagarcía de Arousa	Pontevedra	Debuxo artístico	Francés	1º BAC
36018380	IES	Miguel Ángel González Estévez	Vilagarcía de Arousa	Pontevedra	Matemáticas	Inglés	3º ESO

Resolución do 31 de xullo de 2007, da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional inicial no curso 2007-2008.

A Orde do 23 de abril de 2007, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, regula o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional, en réxime ordinario e para as persoas adultas, e as probas libres para a obtención dos títulos de técnico e técnico superior.

A Orde do 28 de febreiro de 2007 regula o módulo profesional de formación en centros de traballo da formación profesional inicial para o alumnado matriculado en centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Orde do 5 de xuño de 2007 regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de graos medio e superior en réxime ordinario e para as persoas adultas.

A Orde do 30 de xullo de 2007 regula a avaliación e a acreditación académica do alumnado que cursa as ensinanzas de formación profesional inicial.

Estas ordes autorizan a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais para ditar as instrucións precisas para o desenvolvemento e a aplicación do previsto nelas e, na súa virtude, esta dirección xeral,

RESOLVE:

Primeiro.-Obxecto e ámbito de aplicación.

Esta resolución ten por obxecto ditar instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional inicial no ano académico 2007-2008 no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo.-Renuncia, anulación e baixa de oficio de matrícula.

Con independencia do réxime en que se formaliza a matrícula e do ano de inicio do ciclo, a renuncia, a anulación e a baixa de oficio desta rexeranse polo disposto nos artigos 8, 9, 10 e 11 da Orde do 23 de abril de 2007, pola que se regula o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional, en

régime ordinario e para as persoas adultas, e as probas libres para a obtención dos títulos de técnico e técnico superior.

Terceiro.-Traslado de matrícula.

O traslado de matrícula terá en conta o disposto nos artigos 25 e 26 da Orde do 5 de xuño de 2007, pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de graos medio e superior en réxime ordinario e para as persoas adultas, e a disposición transitoria terceira da Resolución do 12 de xuño de 2007, pola que se determinan os prazos e se ditan instrucións no procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de graos medio e superior en réxime ordinario e para as persoas adultas para o curso académico 2007-2008.

Cuarto.-Validacións de módulos profesionais.

As validacións de módulos profesionais de ciclos formativos de formación profesional observarán o disposto nos artigos 15 e 16 da Orde do 30 de xullo de 2007, pola que se regula a avaliación e a acreditación académica do alumnado que cursa as ensinanzas de formación profesional inicial.

Quinto.-Solicitude de matrícula excepcional para o alumnado do réxime transitorio.

O alumnado a que se refire a disposición transitoria segunda da citada Orde do 23 de abril de 2007, que no curso escolar 2006-2007 esgotara as dúas matrículas a que ten dereito polo réxime ordinario e non conseguira titularse por ter módulos pendentes, deberá rematar os seus estudos polo réxime de persoas adultas, e terá dereito a un máximo de catro convocatorias por este réxime.

Non obstante o anterior, este alumnado poderá solicitar a autorización dunha única matrícula excepcional para poder rematar os seus estudos polo réxime ordinario, de acordo co procedemento e nas condicións que se establecen no artigo 24 da Orde do 5 de xuño de 2007, pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de graos medio e superior en réxime ordinario e para as persoas adultas.

No caso dos centros privados, a dirección dará traslado das solicitudes ao centro público a que estea adscrito no prazo máximo de cinco días hábiles.

Sexto.-Vixencia da Resolución do 27 de xullo de 2006 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional específica no curso 2006-2007.

1. Seguirán en vigor as disposicións cuarta, quinta, sexta, sétima, décimo quinta, décimo sexta e décimo sétima da citada Resolución do 27 de xullo de 2006, que non se opoñan ao disposto nas ditas ordes do 23 de abril de 2007 e do 30 de xullo de 2007.

2. Ao alumnado afectado polo disposto na disposición transitoria segunda da citada Orde do 23 de abril

de 2007 que deba formalizar unha segunda matrícula para rematar os seus estudos seralle de aplicación o establecido nas disposicións oitava, décima e décimo segunda da Resolución do 27 de xullo de 2006.

Disposicións derradeiras

Primeira.-A dirección dos centros educativos que impartan estas ensinanzas arbitrarán as medidas necesarias para que esta resolución sexa coñecida por todos os membros da comunidade educativa.

Segunda.-As delegacións provinciais, a través dos servizos provinciais de inspección educativa e dos directores e as directoras dos centros educativos, garantirán o cumprimento do disposto nesta resolución e asesorarán os centros sobre o seu contido.

Terceira.-Esta resolución entrará en vigor o día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2007.

Antonio Vázquez Vázquez

Director xeral de Formación Profesional
e Ensinanzas Especiais

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

Orde do 24 de xullo de 2007 pola que se modifica a do 16 de maio de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a empresas privadas para a creación e mellora de establecementos turísticos, e se procede á súa convocatoria para o ano 2007 (IN983G).

A Orde do 16 de maio de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a empresas privadas para a creación e mellora de establecementos turísticos, e se procede á súa convocatoria para o ano 2007 (DOG nº 98, do 23 de maio) establece no seu artigo 17.1º a data límite para a presentación de xustificación do investimento executado por parte dos beneficiarios das subvencións concedidas.

Non obstante, visto que o prazo concedido para a devandita xustificación é insuficiente para a realización desta, cómpre modificar o artigo anterior no sentido de ampliar o prazo citado.

Polo exposto e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO

Artigo 1º

O artigo 17, no primeiro parágrafo do apartado 2, queda redactado como segue:

«1. Para cobrar a subvención concedida, o beneficiario deberá presentar nos lugares sinalados no